


A Federación Down Galicia é unha organización non lucrativa. As entidades membro que a forman, fundadas por familias con fill@s coa síndrome de Down, proceden das 7 cidades galegas:



EXPERIENCIA

Desde 1998, máis de 25 anos coordinando, apoiando e impulsando coas 7 entidades membro a mellora da calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e/ou con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade.

A Federación desenvolve un Servizo de Promoción da Autonomía Persoal, SEPAP, para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual. Distribuído en áreas, abrangue toda a súa vida:




FORMACIÓN

O equipo das entidades Down de Galicia está composto por profesionais de diferentes especialidades, dando resposta ao servizo integral e á coordinación das accións a nivel galego. Desta maneira, pedagog@s, logopedas, psicólog@s, traballador@s sociais e técnic@s de emprego, entre outros, únense a xerentes, coordinador@s, administrativ@s, informátic@s ou técnic@s de comunicación. Os recursos humanos son o motor da organización..

DATOS DE INTERÉS

- Declarada de Utilidade Pública desde 2006
- Acolida á Lei de Mecenado, permitindo beneficios fiscais aos doantes, desde 2006
- Certificado de Calidade ISO 9001 nos servizos que presta desde 2008
- Contas anuais auditadas

PRINCIPIOS



No ano 2000 o servizo apenas cubría a 200 usuari@s.
Coa gran demanda, en 26 anos cuadriplicouse a atención.
Na actualidade as entidades ven limitada a súa capacidade
e non poden chegar a atender a todas as persoas que o solicitan.

826
persoas
atendidas

+2.478
familiares
acompañad@s

Atención a persoas de
+130
concellos galegos

SATISFACCIÓN

O nivel de satisfacción de tod@s @s interesad@s no servizo é moi importante como organización. Por iso, un dos obxectivos das entidades Down de Galicia é manter a calidade, eficiencia e harmonía do seu labor diario.

97,6%
satisfacción d@s usuari@s

93%
satisfacción das familias

85,8%
satisfacción d@s profesionais

RECOÑECEMENTOS

O traballo e os proxectos de Down Galicia son recoñecidos por outras organizacións. Entre outros, destacan:

- 2024 ● Premio Revelación RIES do Cluster Saúde de Galicia polos Protocolos de Avaliación e Seguimento do Envellecemento
- 2023 ● Premio da Fundación Iberdrola ao proxecto "Emprego Con Apoio"
- 2021 ● Premio da Fundación Mapfre ao proxecto "Apoio e intervención no proceso de envellecemento"
- 2018 ● Premios "La Caixa" a la Innovación Social 2017 al proxecto "Una escuela para tod@s: Inclusión educativa"
- 2015 ● 1º Premio Fundación Randstad na categoría institucional por "Potenciando o talento profesional: Emprego Con apoio"
- 2012 ● 1º Premio Educaweb de Orientación Académica e Profesional pola "Guía de orientación académica e profesional"
- 2004 ● Premio ONCE Galicia á Solidariedade de Integración Laboral

CONFIANZA

As entidades Down reciben acotío a confianza e o apoio de organizacións e administracións, como por exemplo:

